

# GUÍA PARA VISITAR o pazo de Meirás

A. C. IRMÁN  
SUÁREZ  
PICALLO



REALIZA



EDITA



## AS ORIXES: SEIS SÉCULOS DE HISTORIA

O edificio primitivo naceu no século XIV, construído como fortaleza polo cabaleiro Roi de Mondego. Nos séculos, a fortaleza perdería o carácter guerreiro e sería reconvertida en pazo, en residencia da nobreza, no centro desde o que administrar as terras. Xa a comezos do século XIX, na Guerra de Independencia, o vello pazo era incendiado polos franceses como represalia á actitude hostil do seu propietario. Miguel Pardo Bazán, home liberal, reconstruíu o edificio no que veraneaba coa súa familia, asentada na Coruña. Mais retiráballe os vellos escudos, mudando de pazo a *Granxa*.

Porén, quen daría fama ao edificio sería a súa única neta. A escritora Emilia Pardo Bazán faría da Granxa a súa residencia durante boa parte do ano e o seu principal espazo de creación literaria.


## AS TORRES DE DONA EMILIA

A autora de *La Tribuna* quería poder contar cunha residencia máis cómoda e cun aspecto máis señorial. Por iso construíu o edificio das Torres, con connotacións medievaís, entre 1894 e 1910. Foi ela, xunto coa súa nai, quen deseñou a nova mansión e ideou os seus elementos decorativos tallados en pedra, con connotacións mitolóxicas e literarias.

A figura de Pardo Bazán, referente da narrativa realista en Europa, atraía a numerosos visitantes. Personalidades das artes, da política ou da realeza que gozaban do ambiente cortesán dos seus salóns e xardíns.



Pardo Bazán ante as Torres en cons  
[Arquivo]





Emilia Pardo Bazán  
[Arquivo da RAG]



## O PAZO CON FRANCO: REPRESIÓN E ESPOLIO

En 1938, en plena Guerra Civil, as elites coruñesas decidían obsequiar a Franco co pazo de Meirás. A *Junta Pro Pazo del Caudillo* mercáballo á herdeira de Emilia Pardo Bazán e realizaba unha importante reforma. Para sufragar os gastos, realizábase unha subscrición popular con carácter obrigatorio entre a veciñanza da provincia e descontábanse porcentaxes das nóminas. A finca era ampliada coa toma forzosa das terras lindeiras e mesmo dunha casa.

O pazo era entregado a Franco en calidade de Xefe do Estado, mais el quería que fose a súa propiedade particular. Con este fin, asinouse, en 1941, unha escritura fraudulenta na que se simulaba que era el quen o mercaba. Porén, durante toda a ditadura, o Estado consideraría o pazo como a residencia oficial de verán do ditador e trataríao como unha propiedade pública. É dicir, fariase cargo da súa xestión e dos gastos que ocasionaba. O Ministerio do Exército asumiría a realización das obras de mantemento e construción de novas infraestruturas.


Entre tanto, os Franco irían enchendo a finca con elementos do patrimonio cultural galego que ordenaban trasladar a Meirás: pías bautismais románicas, escudos heráldicos, estatuas do Pórtico da Gloria, as pedras do pazo barroco de Dodro...

Por outra parte, as visitas de Franco cada verán supuñan o desprazamento do aparello do Estado a esta sorte de “capital estival”. Isto implicaba un estrito control sobre a poboación e a aplicación de medidas represivas, como os encarceramentos preventivos de persoas que no pasado militarán en organizacións de esquerda ou a obriga de participar nos recibimentos do ditador.

trución  
o da RAG]



Vestíbulo das Torres nos anos 20  
[M. Chas Gayoso]



Recibo da Suscripción Pro-Pazo  
[?]

España  
Comunaria para la adquisición  
de Meirás, dedicada al  
de 1938

El Año Triunfal

Alcalde Delegado,

Samuel G. Lugo

Franco no acto de entrega do pazo, en 1938 [Arquivo BNE]




## UN SÍMBOLO DA IMPUNIDADE DO FRANQUISMO

Coa morte de Franco, o pazo era herdado pola súa familia, condecorada con títulos nobiliarios. No ano 1978, un incendio producido en circunstancias estrañas ocasionaba importantes danos no edificio. Permanecería en estado de abandono durante dúas décadas. Mentres, xurdía unha reivindicación popular que reclamaba a súa incorporación a patrimonio público, polo xeito en que fora custeado, mediante coaccións, porque fora entregado á Xefatura do Estado e polos investimentos públicos realizados durante a ditadura. No ano 2020 unha sentenza xudicial declaraba que o pazo de Meirás é patrimonio colectivo.

Vista aérea do pazo de Meirás en 1964 [Arquivo de Galiza]







1

Peche exterior e garitas do pazo, construídos pola Junta Pro-Pazo e polo Estado



Cruceiro agasallado polo Concello de Pontevedra en 1938 e diversos elementos (escudos, pías, figuras...) trasladados a Meirás durante a ditadura



Portón do s. XVI trasladado a Meirás na ditadura



"O Paciño", casa de Xogos de Carmen Franco construída en 1938 [Arquivo BNE]





2



3




4



Obelisco conmemorativo da visita dos reis en 1927

Antigo "camiño do Enreixado", desprazado para afastalo das Torres e adxudicado a Franco [Arquivo RAG]



TERREOS TOMADOS EN 1938

1 | As Torres de Meirás, construídas por Emilia Pardo Bazán entre 1894 e 1910. Albergaba a súa residencia, as súas bibliotecas e a capela, entre as dúas torres de igual altura. Foi residencia de verán de Franco

2 | A Granxa de Meirás, fortaleza do s. XIV reconvertida en casa de veraneo. Durante a ditadura foi rehabilitada polo Estado, empregándose como edificio de servizo da residencia oficial do Xefe do Estado

3 | Casa de Josefa Portela, tomada pola forza en 1938 e rehabilitada polo Estado como casa do garda

4 | Casa das Cunchas, mercada en 1962 e rehabilitada polo Estado en 1975 como casa do garda. Propiedade aínda da familia Franco

Os Pardo Bazán no estanque da Granxa [Arquivo RAG]



Balaustrada formada coas pezas do pazo barroco de Dodro, desmontado e trasladado a Meirás por mandato de Franco



Pezas do pazo de Dodro, repartidas polos xardíns

